

PRESTACIÓN ECONÓMICA DE PAGAMENTO ÚNICO POR FILLAS E FILLOS MENORES DE TRES ANOS (Orde do 20 de marzo de 2019. DOG núm.65, do 3 de abril de 2019)



PRAZO

Do día **4 DE ABRIL** ao **28 DE MAIO** de 2019 (ambos os dous incluídos).



CONTÍA

NÚMERO DE ORDE que ocupa o fillo ou filla NA UNIDADE FAMILIAR DA PERSOA SOLICITANTE	CONTÍA
1º	360 €
2º	1.200 €
3º e sucesivos	2.400 €



PERSOAS BENEFICIARIAS

- As persoas con fillos ou fillas menores de tres anos o 1 de xaneiro de 2017 (nacidos ou nadas entre **02/01/2016** e o **31/12/2017**, inclusive).
- Fillos ou fillas adoptadas ou acollidas entre o **01/01/2016** e o **31/12/2017**



SERÁN BENEFICIARIAS DESTA PRESTACIÓN AQUELAS PERSOAS QUE NON TEÑAN FEITA A DECLARACIÓN DA RENDA DO EXERCICIO 2017.



DOCUMENTACIÓN

- 1 **Anexo I** cuberto e asinado pola persoa solicitante
- 2 **Anexo II** cuberto e asinado pola persoa proxenitora non solicitante, de ser o caso
- 3 Copia do **libro ou libros de familia** ou certificación de nacemento do rexistro civil de cada unha das fillas ou fillos da **persoa solicitante**, para os efectos de acreditar a data de nacemento e o número de orde que ocupa a filla ou fillo na súa descendencia.
- 4 Xustificante de **empadramento conxunto** de todos os membros da unidade familiar. No suposto de que a persoa proxenitora non solicitante non figure neste, deberá achegar o seu xustificante de empadramento individual, só no caso de que se denegue expresamente a súa consulta.
- 5 Copia da **sentenza de nulidade, separación ou divorcio** ou da resolución xudicial que estableza as **medidas paterno-filiais** dos fillos e fillas comúns nas unións de feito e o **convenio regulador**, de ser o caso.
- 6 No suposto de familias monoparentais, copia do **certificado de monoparentalidade** expedido pola Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social, sempre que conste nel a filla ou fillo polo que se solicita a axuda, só no caso de que se denegue expresamente a súa consulta.
- 7 Nos supostos de **adopción** ou **acollemento**, copia da resolución xudicial ou administrativa que a declare (Só no suposto de que a formalización se realizase noutra comunidade autónoma).
- 8 Copia do DNI ou NIE da persoa solicitante, **só no caso de que se denegue expresamente a súa consulta.**
- 9 Copia do DNI ou NIE da persoa proxenitora non solicitante, **só no caso de que se denegue expresamente a súa consulta.**
- 10 Copia da declaración do imposto da renda das persoas físicas do ano 2017 da persoa solicitante, **só no caso de que se denegue expresamente a súa consulta.**
- 11 Copia da declaración do imposto da renda das persoas físicas do ano 2017 da persoa proxenitora non solicitante, **só no caso de que se denegue expresamente a súa consulta.**

Se a documentación estivera xa en poder da Administración da Xunta de Galicia e non queren achegala deberán facer constar no Anexo I, no espazo destinado para o efecto: o código do procedemento, número de expediente e ano. A consulta desta documentación só será admisible cando **non transcorresen máis de 5 anos desde a finalización do procedemento** ao que correspondan.

LER ATENTAMENTE AS NOTAS ACLARATIVAS DA SEGUINTE PÁXINA